

Bloque 4. SÉCULO XVIII. A MONARQUÍA BORBÓNICA NO ANTIGO RÉXIME

A chegada da dinastía borbónica inaugurou un período reformista baseado nos principios do Despotismo Ilustrado do XVIII. O reformismo borbónico, iniciado nos reinados de Felipe V e Fernando VI e culminado no de Carlos III, centrouse en cambios político-administrativos co fin de conformar un Estado absolutista e centralizado e en dinamizar a economía (proposta de reforma agraria, decreto de libre comercio con América); pero sen cuestionar as estruturas socioeconómicas do Antigo Réxime.

Cuestión 14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión

A morte en 1700 de Carlos II de Habsburgo sen descendencia vai provocar un conflito pola sucesión á Coroa de España. Carlos II designara como herdeiro a Felipe de Borbón, duque de Anjou (neto de Luís XIV de Francia). O novo rei, Felipe V, foi aceptado e recoñecido polas Cortes de Castela, Aragón, Cataluña e nos territorios de Sicilia, Nápoles e Milán. En Europa, en principio, agás os Habsburgo austríacos, aceptouse a sucesión, pero o receo a unha posible alianza de Francia e España e ó control do comercio americano polo poderoso Borbón francés provocou que as grandes potencias europeas pasase a apoiar a candidatura do arquiduque Carlos (fillo do emperador austríaco Leopoldo I e irmán de Xosé I, coroado emperador de Austria en 1705). En 1702 créase a Gran Alianza de A Haia, encabezada por Gran Bretaña, Holanda e Austria, que declara a guerra á alianza borbónica de Francia e España.

A Guerra de Sucesión (1702-1713) vai converterse nun conflito interno e internacional. Nos territorios da monarquía hispánica, a guerra non tivo transcendencia ata 1704, ano no que unha escuadra aliada percorre a costa mediterránea coa esperanza de provocar un levantamento a favor do arquiduque Carlos. Xibraltar é tomado por Inglaterra; e Valencia, Cataluña e case a totalidade de Aragón toman partido polo candidato austríaco. Este posicionamento proaustríaco débese á animadversión catalá contra os franceses pola súa actuación na rebelión de 1640 e no temor ás tendencias absolutistas e centralizadoras dos Borbón. A Coroa de Castela tomou partido por Felipe de Anjou, polos malos records do reinado de Carlos II e coa esperanza de que a nova dinastía trouxese cambios positivos. En Europa, a Gran Alianza de A Haia sumou os apoios de Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos príncipes alemáns e italianos. Uns trataban de evitar a hexemonía borbónica e outros buscaban a división das posesións españolas e obter vantaxes no comercio colonial americano. A guerra estendeuse por toda Europa con derrotas e vitorias nos dous bandos (a vitoria en Almansa en 1707 permitiu a Felipe V dominar Valencia e Aragón e decretar a abolición dos foros, o que intensificou a resistencia catalá). En 1709-10 os Borbón sufriron graves reveses: Luís XIV, atacado no seu propio territorio, tivo que retirar o apoio militar ó seu neto; Felipe V perdeu Aragón. A causa borbónica parecía perdida, pero dous feitos van cambiar a situación. Por unha banda, a vitoria castelá en Brihuega e Villaviciosa abren o camiño á reconquista de Aragón. Doutra, a morte de Xosé I en 1711 converteu ó arquiduque Carlos no novo monarca de Austria e, en caso de triunfar na guerra de sucesión, podería refacerse o Imperio de Carlos V da primeira metade do século XVI. Esta posibilidade provocou o cambio de posición de Holanda e Inglaterra.

Na cidade holandesa de Utrecht iniciáronse as negociacións da paz. Nos Tratados de Utrecht (1713) e de Rastadt (1714) recoñeceuse a Felipe V de Borbón como rei de España, pero a cambio tivo que renunciar ós dereitos á Coroa de Francia e entregar os Países Baixos españois, Nápoles, Milán e Sardeña a Austria; a colonia de Sacramento a Portugal; e Xibraltar e Menorca a Gran Bretaña, que ademais obtiña importantes concesións comerciais (o monopolio do Asento de negros na América española, é dicir, o contrato para enviar escravos africanos; e o Navío de permiso, posibilidade de enviar un barco con mercadorías ós portos americanos).

A pesares da sinatura da paz, en España continuaba a guerra. Gran Bretaña e Austria trataron de buscar unha paz negociada para Cataluña, pero Felipe V mostrouse inflexible. A resistencia catalá reduciuse á cidade de Barcelona ata o 11 de setembro de 1714. Mallorca e Ibiza caerán ó ano seguinte. Cataluña, Aragón, Valencia e Mallorca foron sancionados coa anulación das súas leis e institucións, pasando a ter as mesmas leis que Castela e a ser gobernados por un Capitán Xeneral nomeado directamente polo rei.